

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 11 DE MAIO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día once de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste, Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 9 de Maio Abril pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da farmaceutica tiular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento de consumo público de Ribadavia e de San Paio.

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público das fontes de Prexigueiro, Francelos (dúas) e Franqueirán.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Visto o escrito de Dona Ernesta Fernández Pérez, veciña de San Cristovo, con domicilio na Estrada, nº 82, do devandito lugar, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder a súa petición que consta no escrito de referencia que consiste na devolución dun aval constituído no seu día pola ocupación do posto nº 12, da planta alta, da Praza de Abastos, que por acordo desta Comisión do 9 de Agosto do 94 se accedeu á súa baixa.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación presentada polos servicios técnicos do Concello sobre "Pavimentación e acceso á Casa de Cultura", por un importe total de 2.422.462 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda o aboamento de 50.000 pesetas cada mes dende Xaneiro ata Abril, ámbolos dous inclusives, por impartición de clases na Escola Municipal de Taekwondo ó Ximnaniso Seoul, da acordo co convenio de colaboración entre o devandito Ximnansio e mailo Concello por impartición de clases de taekwondo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Abril presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

Examinado o expediente de xeración de créditos, nº 1/1995, por importe de 19.580.520 pesetas destinado á atención de necesidades relativas á execución do servicio Escola Obradoiro Avia, 2ª fase; vistos os informes obrantes no mesmo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobalo por unanimidade nos termos en que está redactada a proposta.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA SUBMINISTRACION DE "MOBLAXE CASA DE CULTURA 1ª FASE".- Transcorrido o prazo de cinco días dende a

apertura de plicas a que fai referencia o artigo 13 de Prego de Condicións tipo para contratación e execución de obras por este Concello de Ribadavia polo que se rexe dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno, procede á adxudicación definitiva da contratación directa da subministración de Moblaxe Casa Cultura 1ª Fase, segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto Don Xulio Touza Rodríguez á Empresa INDE-4 S.L., con domicilio na rúa Alfonso XIII, 5, baixo (Delegación en Galicia), Vigo, polo prezo de 7.980.000 pesetas, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas. Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data da notificación.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.